






TALLER ARTE DE PAPEL.
Violeta Monreal. Ed Macmillan

Crea preciosas ilustracións baseándote en cadros famosos. Só tes que resgar os papeis que están na caixa e seguir as sinxelas ilustracións no libro. Convértete nun artista!

LENDO CON ARTE



COMO HABLAR DE ARTE A LOS NIÑOS.

Françoise Barbégall. Ed. Nerea
Destinada a todos os adultos que desexen compartir cos seus fillos ou alumnos a experiencia de visitar un museo ou unha exposición, a obra ofrécese, en xeral, como unha guía para introducir os nenos no coñecemento da historia da arte.



DESCUBRIR A ARTE A TRAVÉS DO MUNDO

Caroline Desnoëttes. Factoría K

Percorrido polas principais culturas dos cinco continentes mediante a beleza e variedade das súas creacións artísticas. Un libro para disfrutar en familia!



¿QUE SON LA BELLEZA Y EL ARTE?

Óscar Brenifier. Ed. Edebé.

A través do diálogo dase resposta a seis preguntas importantes que nenas e nenos se poden facer sobre a beleza e a arte.




ARTE, CREA TU LIBRO.,
Marion Deuchars. Ed Coco-Books

Crea o teu libro coas técnicas secretas de artistas famosos. Poderás crear a túa propia escultura móbil ao estilo de Calder, pintar unha bóla ao estilo de Pollock ou compoñer o teu retrato cubista como Picasso.



Bibliocervo


<http://bibliocervo.blogspot.com/>
Verán 2012



PEQUEÑO AZUL Y PEQUEÑO AMARILLO.

Leo Leoni,.
Ed Kalandraka.

"Pequeño Azul vive con Mamá Azul y Papá azul y tiene muchos amigos, pero su mejor amigo es Pequeño Amarillo y con él juega al escondite y a la rueda rueda. Un día descubren algo maravilloso después de abrazarse muy fuerte".




O CADRO MÁIS BONITO DO MUNDO. Roger Olmos.

Recreación do mundo artístico de Joan Miró a través dunha viaxe imaxinaria que o pintor realiza na procura de cinco manchas de pintura fuxidas do seu estudo.

EL EXTRAÑO LIBRO DE COLOREAR.

Stygryt .Ed. Thule

Este libro invítate a que fagas o que queiras coas súas follas, que lle deas cor aquí e alá, ben usando lapis ou pinturas e pinceis. Non é tan doado como parece, hai un gato que se pasea polas súas páxinas e fai desastres, e tamén nenos, adultos e outros animais que deixan as súas pegadas...




¡MIRA! La luz en el arte. Ed Serres.

A partir de cadros de grandes mestres da arte universal, Gillian Wolfe invítanos a descubrir o poder da luz na arte e as súas representacións ao longo da historia.



CUÉNTAME UN CUADRO Quentin Blake. Ed. Serres

Antoloxía alfabética de vinte e seis cadros seleccionados do National Gallery de Londres. As pinturas elixidas complementáanse coas preguntas imaxinativas que os nenos adoitan facer sobre o que puido ser a historia de cada cadro.




LA CASA DE LA LUZ.

Xabier Docampo.

Ed. Anaya


A cuadrilla de amigos de Alicia vai experimentar durante o verán unha aventura inesperada. Da man dun personaxe marxinal e estraño, coñecerán algúns lugares que se ocultan detrás dos cadros. E veremos que a arte é unha aventura porque hai que entrar dentro e exploralo para coñecelo.



¡DEVORAMOS PINTURAS! Una visita al Museo de Arte Contemporáneo.

Cristina Picazo. Ed. Blume

A través dun xogo de intriga, os lectores coñecerán os artistas de arte contemporáneos máis representativos do mundo e algunhas das súas obras máis importantes (Picasso, Kandinsky, Tórciño Entrefebrero, Warhol, Lichtenstein, Miró, Boteiro, Kahlo, e moitos máis).



FORMAS DE MUSEO

Ed. Serres

Nesta obra móstranse algunhas das obras máis rechatantes das coleccións do museo, dende mantas elaboradas por indios navajos ata gravados xaponeses e manuscritos islámicos. Unha innovadora e emocionante perspectiva dende onde experimentar o mundo que nos rodea.